

DEMOCRACIA, CIDADANIA EUROPEA E MULLERES: ¿EXISTE ALGUNHA RELACION?

Celia Pereira Porto.

1. Tralo éxito das revolucións liberal-burguesas de finais do século XVII e do século XVIII, apoiado na aportación teórica de filósofos como Thomas Hobbes, John Locke, e Jean-Jacques Rousseau, xurde un novo concepto de cidadanía que acompañará indisolublemente á teoría política moderna que os devanditos teóricos inauguran. A partir de aí, díse que os individuos nacen libres e iguais, e así son considerados pola teoría política.

O paso dado por Hobbes e Locke coas súas aportacións, xunto ás revolucións burguesas que posteriormente tiveron lugar, supuxo un cambio radical con respecto á situación anterior. O novo modelo político xurde sobre a base de varias ficcións. En primeiro lugar, afirmábase que tódolos individuos nacen libres e iguais. Frente ó modelo político antigo, no que as diferencias entre os individuos se traducían en desigualdade política, o novo modelo instaúra a hipótese da igualdade “natural”. A segunda ficción ven constituída polo “estado de natureza” mesmo. Neste os individuos atópanse nun estado de guerra permanente, loitando uns contra outros, debido ó seu carácter interesado e egoísta. Este *estado de natureza* constitúe a condición lóxica previa para o posterior establecemento da “sociedade civil”. Por último, e en aras de conserva-las propias vidas (Hobbes) e facendas (Locke), estes individuos pactan a creación dun poder superior a eles (o Estado) capaz de garanti-la paz e ó que deben obediencia en tanto cumpra esa misión protectora. É a teoría do contrato social, nova ficción sobre a que se basa a moderna teoría política. Moi esquemáticamente, éste é o novo modelo antropolóxico e político que neste momento se abre paso fronte ó modelo antigo.

Neste marco histórico xurde un novo paradigma político e o concepto de cidadanía que se contrapón ás anteriores relacións de suxección. Aparece o concepto de “cidadán” fronte ó de “súbdito”. Frente ó modelo aristotélico, no que o Estado era considerado “natural”, éste preséntase agora baixo a cobertura dunha teoría racional. Son os propios individuos os que pactan a creación da comunidade política e do poder soberano que debe gobernala. Na esfera política aparecerán entón os individuos revestidos co carácter de cidadáns. A cidadanía outorga ós individuos dereitos e deberes fronte e para co Estado. En primeiro lugar, sobre a base da igualdade e a liberdade formal predicada dos individuos e o seu dereito á vida (condición *sine qua non* para o exercicio dos demais dereitos), concederánselle ós *cidadáns* dereitos civís e políticos (dereitos de participación e liberdades políticas). Pasado o tempo, engadiranse á categoría de cidadanía os “dereitos sociais”. Conséguese así a chamada, en palabras de Boaventura de Sousa Santos, “cidadanía social” correspondente ó período do capitalismo organizado nos países occidentais -en sentido socio-económico-, por contraposición ó contido da cidadanía no período do capitalismo liberal (século XIX), consistente nos xa mencionados derei-

tos civís e políticos (1995: 207-210). Conxunto de dereitos dos cidadáns que o Estado se viu obrigado a recoñecer e garantir gracias á loita que pola súa conquista sostiveron moitos homes e mulleres. Esta é, a grandes rasgos, a categoría de cidadanía inserta no paradigma moderno, vencellada estreitamente ós “dereitos” e, en concreto, ós posteriormente chamados “dereitos humanos” ou dereitos fundamentais, que na actualidade son unánimemente considerados inherentes a cada persoa, polo menos de modo teórico.

Deste modelo teórico non se excluiu ás mulleres en liña de principio. Polo menos, non se chegou a dicir que elas non pertencían á categoría de individuos libres e iguais. Pero iso era a teoría. Na práctica e unha vez imposto o modelo, durante un longo período as mulleres víronse excluídas da nova comunidade política que se creaba. Hobbes, Locke e Rousseau negáronlles ás mulleres os dereitos que se derivaban da igualdade e liberdade natural predicada de tódolos individuos. “¿Cómo justifican la subordinación de las mujeres a los varones? (...) buscan la respuesta en la ontología al atribuir a las mujeres una naturaleza inferior a la del varón” (Cobo, 1995: 118). Con esa xustificación mantívose ás mulleres *recluídas* no ámbito doméstico, mentres os “cidadáns” -algúns homes- participaban na esfera pública libres de todo tipo de ataduras vencelladas ó doméstico e reproductivo. A pesar do cambio transcendental que supuxo o modelo político moderno fronte ó aristotélico, a realidade social non permitiu que tódalas súas consecuencias prácticas se aplicasen de forma inmediata ás mulleres, como tampouco a outros grupos sociais (Cavarero, 1990). As mulleres, que non alcanzaron o dereito ó voto ata o século XX¹, os homes xoves e, naturalmente, os homes que carecían de propiedades, non puideron exercer os *universais* dereitos predicados a tódolos cidadáns -xa que, a pesar do novo discurso político, non se lles permitiu-.

A revolución liberal-burguesa permitiu o ascenso dunha clase social, a burguesa, que logrou impoñe-lo seu modelo económico, social, político-xurídico... Máis tarde a práctica socio-económica obrigou a recoñecer dereitos políticos a homes doutra clase social, o proletariado. Finalmente, consideraríase ás mulleres como “cidadás” e non só como “amas de casa” ou “traballadoras”.

A moderna categoría de “cidadanía” fai abstracción de todo tipo de cualidade material ou característica persoal. Ela naceu sen raza, sen nacionalidade, sen clase social, asexuada... Con razón fala gráficamente Juan Ramón Capella dos “cidadáns-anxos” (1993: 139). Sen embargo, a diferenza do modelo antigo aristotélico, o novo modelo permitiu ás mulleres loitar porque esa igualdade teórica fose recollida polo ordenamento xurídico -xa que no que a elas se refería non estaba consagrada- e, ó mesmo tempo, porque se fíxese efectiva na práctica. O argumento era, aproximadamente, se nacemos iguais debemos ter iguais dereitos: dereito ó voto, ó traballo, a igual salario...

A “cidadanía” teórica non foi construída para as mulleres. O cidadán é o individuo revestido de dereitos e deberes fronte e para co Estado e este individuo é, por definición, o home: o individuo sexuado en masculino (Rivera, 1994: 82). Foi a ficticia igualdade predicada de tódolos individuos (homes) a que fixo nace-lo moderno concepto de cidadanía. Sen embargo, as mulleres apelando a esa idea da igualdade -da que, en principio, estaban excluídas na práctica e na letra da lei- conseguiron, gracias á súa loita individual e colectiva e debido ós cambios que esas loitas provocaron na sociedade, chegar a ser “cidadás de pleno dereito”. Sen esquecer-la importancia que nese *proceso de acceso á cidadanía igual* tivo a entrada das mulleres no mundo do traballo asalariado. Entendendo esta expresión -“*ciudadanía igual*”- como equivalente á que xa tiñan os homes, primeiro un grupo reducido deles, e despois un grupo máis amplo de individuos do sexo masculino. Hoxe, sen embargo, de aí derivanse novos problemas e, fren-

¹ Nalgúns países ata ven avanzado este século, como é o caso de Suíza, onde as mulleres non acadaron o dereito ó voto ata 1971 e incluso despois foi cuestionado (Blanco, 1995: 49).

te á igualdade, ábrese paso a reivindicación da diferenza (Muraro, 1994: 104). Diferencia non só sexual, senon tamén cultural (Moller Okin, 1996).

Na actualidade o concepto de cidadanía non está exento de problemas e vólvese todavía moito máis complexo cando falamos da cidadanía das mulleres (Young, 1996). O suposto ben pode analizarse e exemplificarse no caso da chamada “cidadanía europea”, entendendo por tal o estatus que ostentan determinadas persoas que, integradas dentro dos seus respectivos Estados-Nación, forman a entidade supranacional coñecida hoxe como Unión Europea.

2. O que hoxe é o “proxecto europeo”, a construción da Unión Europea, xurde nun primeiro momento como o intento de crear un “mercado común”. Non se trata, nin moito menos, de que nos nosos días tivese perdido ese carácter *esencialmente económico* pero, últimamente, ten aumentado a necesidade de darlle a dito proxecto un verniz *social*, mentres se continúa cunha forte profundización en materia económica (Fernández Durán, 1996).

Trala sinatura do Tratado de Roma, en 1957, -polo que se crea a Comunidade Económica Europea (CEE)- o proceso de construción do *mercado común* non fixo máis que irse desenvolvendo de forma progresiva e imparabile. Eliminación dos impostos arancelarios, das fronteiras -o que esixe reforzalas cada vez máis fronte ó “non comunitario”-, integración sucesiva de novos Estados membros, Maastricht e a moeda única, o Tratado de Amsterdam..., todo elo conduciu á creación dun espazo (gran mercado) onde as mercancías e o capital circulan libremente e onde se supón que as persoas tamén poden facelo.

En tódolos países comunitarios houbo algunhas voces que se alzaron en contra dese carácter eminentemente económico que dende os seus inicios acompañou ó “proxecto europeo”. Ante as mostras de disconformidade e descontento os dirixentes do proceso dedicáronse a darlle a mellor publicidade posible, falando da construción dunha Europa unida como un proxecto moito máis amplo e non meramente económico -e no que, supostamente, tería cabida a solidariedade, por exemplo, en forma de fondos de cohesión-. O peso internacional deste “proxecto” é, sen embargo, enorme. De feito, na maior parte das ocasións en que se fala de Europa non se fai referencia ó continente que por tal nome coñecemos e que abarca dende a península Ibérica ata os Urais, senon ó *mercado común* ó que pertencen un número cada vez maior de países.

Dentro deste marco referencial é lóxico que a preocupación principal se situase en torno á libre circulación de *mercancías* (capital, man de obra...) e non en relación cos dereitos e liberdades das persoas. Para iso xa estaban as Constitucións dos distintos Estados e o Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, feito en Roma o 14 de novembro de 1950. O Tratado de Roma ocúpase, neste sentido, dos traballadores e traballadoras. Deste xeito prescribe no seu art. 119 que:

“Cada Estado miembro garantizará durante a primeira etapa, y mantendrá después, la aplicación del principio de igualdad de retribución entre los trabajadores masculinos y femeninos para un mismo trabajo.

Se entende por retribución, a tenor del presente artículo, el salario o sueldo normal de base o mínimo y cualesquiera otras gratificaciones satisfechas, directa o indirectamente, en dinero o en especie, por el empresario al trabajador en razón de la relación de trabajo.

La igualdad de retribución, sin discriminación por razón de sexo significa:

a) que la retribución establecida para un mismo trabajo remunerado por unidad de obra realizada se fija sobre la base de una misma unidad de medida;

b) que la retribución establecida para un trabajo remunerado por unidad de tiempo es igual para un mismo puesto de trabajo”².

Esta disposición en materia de igualdade salarial entre homes e mulleres viuse acompañada por seis directivas relativas tamén á igualdade de trato entre homes e mulleres (todas elas en materia laboral e de seguridade social)³. Como é sabido, o instrumento xurídico comunitario coñecido como “directiva” obriga ós Estados membros en canto á finalidade que persegue, pero deixalles liberdade á hora de escolle-los medios máis axeitados para conseguir ese resultado. Xunto a elas existen tamén outros textos que non poseen carácter vinculante, pero que poden servir de referencia para os Estados no intento de promover o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres. É o caso, por exemplo, dos programas de acción da Comisión (actualmente está en vigor o “4º Programa de acción comunitaria a medio prazo para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, 1996-2000”⁴).

Desta lexislación comunitaria en materia de igualdade de trato entre homes e mulleres despréndense, polo menos, as seguintes consideracións:

1ª) Lexíslase sobre a igualdade de trato entre homes e mulleres en materia laboral e de seguridade social.

2ª) A propia existencia desta lexislación igualitaria pon de manifesto que, non só a realidade social, senón tamén a propia lexislación dos Estados membros, é en moitas ocasións desigual polo que ós traballadores e traballadoras se refire.

3ª) Non se pode falar de “cidadanía” -na lóxica formalmente *igualitaria* do paradigma político moderno no que este concepto xurde- mentres nin sequera na letra da lei as persoas (traballadores/as) teñen os mesmos dereitos e deberes.

4ª) Aínda cando se consegue a *cidadanía de pleno dereito para as mulleres* -a mesma cidadanía que ostentan os homes e que supón un determinado estatus xurídico cunha mesma carta de dereitos e deberes para todos e todas- iso non supón que na vida diaria todos e todas teñamos realmente a posibilidade de *exerce-los* mesmos dereitos, nin que estemos suxeitos/as ás mesmas cargas ou deberes, precisamente porque a categoría de cidadanía fai abstracción de todo tipo de desigualdades *reais*.

As mulleres, nun primeiro momento trala imposición do paradigma político moderno, foron sen embargo discriminadas, como xa tivemos ocasión de dicir, polo

² O Tratado de Amsterdam engade neste punto unha novidade importante no seu art. 141.4 cando establece que “co obxecto de garantir na práctica a plena igualdade entre homes e mulleres na vida laboral, o principio de igualdade de trato non impedirá a ningún Estado membro *manter ou adoptar medidas que ofrezan vantaxes concretas destinadas a facilitar ó sexo menos representado o exercicio de actividades profesionais ou a evitar ou compensar desvantaxes nas súas carreiras profesionais*”. Sería de desexar que coa entrada en vigor deste precepto se clarificase en maior medida a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza en materia de accións positivas, ata o de agora máis ben confusa. *Vid.*, neste sentido, as sentencias de 17 de outubro de 1995 (Kalanke) e de 11 de novembro de 1997 (Marschall).

³ Trátase das Directivas seguintes: 75/117/CEE, de 10 de febreiro de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros que se refiren á aplicación do principio de igualdade de retribución entre os traballadores masculinos e femininos; 76/207/CEE, de 9 de febreiro de 1976, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ó acceso ó emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo; 79/7/CEE, de 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social; 86/378/CEE, de 24 de xullo de 1986, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres nos rexímenes profesionais de seguridade social; 86/613/CEE, de 11 de decembro de 1986, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exerzan unha actividade autónoma, incluídas as actividades agrícolas, así como sobre a protección da maternidade; e 92/85/CEE, de 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover-la mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que dera a luz ou en período de lactancia.

⁴ Decisión do Consello de 22 de decembro de 1995 (95/593/CE). DO nº L 335 de 30.12.95, p. 37.

dereito e pola práctica social apegada á tradición. Posteriormente, acadaron a mesma cidadanía cós homes, co mesmo catálogo de dereitos e liberdades formais e abstractas. As directivas da Unión Europea anteriormente mencionadas son unha boa mostra deste proceso, xa que recoñecen as desigualdades que se producen nas lexislacións dos Estados membros nas materias obxecto de regulación, en función do sexo.

Sen embargo, chega un momento -polo menos nos países occidentais- en que a lexislación é formalmente igual para homes e mulleres. ¿Que consecuencias prácticas se derivan deste feito? Homes e mulleres teñen os mesmos dereitos e deberes. ¿Como afecta isto á vida cotiá duns e doutras? O certo é que, á vista dos datos, non se pode ser moi optimista xa que as discriminacións subsisten todavía.

En canto á participación política, a presenza de mulleres nos Parlamentos dos respectivos países e, incluso, no Parlamento Europeo, é todavía baixa. Nos Parlamentos dos Estados membros con maior presenza feminina, como Dinamarca ou os Países Baixos, ésta superaba en moi pouco o 30% en 1994. Polo que se refire ó Parlamento Europeo, a presenza feminina rondaba o 28% en 1995, gracias á adhesión á Unión Europea de Austria, Finlandia e Suecia que contribuíron, coa súa máis antiga tradición de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a mellora-la media da presenza feminina no Parlamento Europeo (Commission Européenne, 1995: 195-197). En España a porcentaxe de mulleres no Congreso dos Deputados era, en 1989, dun 14,6% (Unión Interparlamentaria. Grupo Español, 1992a: 77). Estas porcentaxes incrementáanse no caso dos países nórdicos pero, aínda así, as mulleres tenden a ocupar dentro dos parlamentos nacionais os postos de menor importancia e responsabilidade (Unión Interparlamentaria. Grupo Español, 1992b: 163-166). O mesmo cabería dicir con respecto á presenza das mulleres nos gobernos dos seus respectivos países que, en xeral, é reducida e na maioría dos casos ocupan ministerios de asuntos sociais e educación (Unión Interparlamentaria. Grupo Español, 1992b: 167-175).

O Consello da Unión Europea é consciente da escasa presenza de mulleres nestes ámbitos. Neste sentido, adoptou unha resolución⁵ na que “invita” ós Estados membros e ás institucións e organismos da Unión Europea a fomenta-la participación equilibrada de homes e mulleres na toma de decisións, non só no ámbito político, senón tamén no económico, social e cultural.

En canto ás causas desa escasa presenza das mulleres na política -tanto nos Parlamentos, como nos gobernos, como nas distintas formacións políticas e, sobre todo, en postos de responsabilidade- e sen ánimo de ser exhaustiva, poden indicarse as seguintes:

1^a) A falta de tempo para dedicarse a tarefas políticas que lle esixirían prolongar aínda máis a súa xornada laboral. Ademais do seu traballo fóra do fogar a maioría das mulleres europeas son todavía as únicas responsables das tarefas domésticas e da educación e coidado dos fillos e fillas, por tradición e pola xeneralizada falta de reparto das responsabilidades domésticas nas familias. Ademais, hai que ter en conta o feito de que cada vez hai máis mulleres soas ó frente das familias. Aproximadamente o 85 % das familias monoparentais (ó redor do 10% das familias con fillos e fillas na Unión Europea) teñen unha muller como cabeza de familia (Parlement Européen, 1995).

2^a) A falta de “atractivo” dunha política que non responde ós seus intereses e valores, e dunha forma de facer política que non é a súa. En moitas ocasións a presenza de mulleres nas distintas formacións políticas, sobre todo conservadoras -aínda que non exclusivamente-, utilízase como mero reclamo para a captación de votos, sen que iso sig-

⁵ Resolución do Consello de 27 de marzo de 1995 sobre a participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións. (95/C 168/02) DO nº C 168 de 4.7.1995, p.3.

nifique, en realidade, un cambio nos contidos ou nas formas de facen política e sen que esas mulleres poidan exercer outras funcións que as máis ou menos decorativas.

Como di Carla Lonzi (1981: 28) “nosotros vemos en el apoliticismo de la mujer tradicional la respuesta espontánea a un universo de ideologías y reivindicaciones en las que sus problemas no aparecen más que a duras penas, mientras que, desde la cumbre del paternalismo, se la interpela como masa de maniobra”. Tal vez, esta política tradicional non atrae ás mulleres porque as toma como mero obxecto. Trataríase do que Alessandra Bocchetti denomina “política para as mulleres”, que se diferenciaría da “política das mulleres” que toma a éstas como verdadeiros suxeitos (1996: 260).

3^a) A falta de tradición das mulleres na política. Historicamente excluídas do dereito ó voto durante moito máis tempo cós seus compañeiros de sexo masculino, as mulleres non teñen unha longa traxectoria na política. Naqueles países onde esta historia é maior tamén é máis elevado o índice de participación feminina. Este é o caso, por exemplo, de Finlandia onde as mulleres ocupaban o 38,5 % dos escaños do Parlamento en 1991, e onde as mulleres obtiveron o dereito ó sufraxio, activo e pasivo, en 1906 (Unión Interparlamentaria. Grupo Español, 1992a: 81).

Para continuar co proceso democratizador da sociedade é imprescindible a presenza e participación das mulleres en todos aqueles ámbitos en que se toman decisións que lles afectan, ou que afectan a todo o colectivo humano. O *test democrático* debe pasar inexcusablemente pola análise e o incremento desta participación feminina real. Sen embargo, a mera presenza das mulleres non é suficiente porque “un cuerpo de mujer no garantiza un pensamiento de mujer”⁶. “Podemos llenar el Parlamento, los consejos de administración, los comités centrales de los partidos, las direcciones de los sindicatos sin que nada esencial cambie en lo que respecta al ser mujer. Hoy lo sabemos mejor, pero siempre lo hemos sabido. Contar más, decíamos. Las mujeres deben contar más” (Bocchetti, 1996: 166, 243).

Se a participación política das mulleres é escasa cualitativa e cuantitativamente, tamén a realidade material que elas teñen que soportar é pésima. Según o Informe da Comisión de Dereitos da Muller sobre a pobreza das mulleres en Europa de 10 de febreiro de 1994, a pobreza nos países integrantes da Unión Europea afecta de forma especial ás mulleres. Por iso pódese falar con rigor da “feminización” da pobreza en Europa -e tamén noutras partes do planeta- (Parlamento Europeo, 1994: 54). A pobreza leva aparelada en multitude de ocasións a exclusión social, todavía máis forte no caso das mulleres inmigrantes ou doutras razas que, habitualmente, vai acompañada de actitudes xenófobas.

As mulleres dos países membros da Unión Europea sofren unha taxa de paro moito máis alta cós varóns. O seu traballo está peor remunerado e realízase en condicións máis precarias. A meirande parte dos contratos a tempo parcial están asinados por mulleres e éstas son tamén as protagonistas da economía sumerxida. Normalmente, as mulleres ocupan peores traballos, xa de por sí peor remunerados, e atopan difícil o acceso a postos importantes e de responsabilidade. A maternidade continúa sendo un estí-

⁶ Non creo en ningún tipo de “esencia” feminina, razón pola que rexeito o discurso normativo sobre a “feminidade” de calquera tipo que sexa. Sen embargo, considero convinte sinalar, cando menos, outros déficits democráticos xunto á gran ausencia de participación das mulleres nos asuntos públicos. Ou dito doutro xeito, existen determinados problemas -misericia, despilfarro dos recursos naturais, etc.- que nos afectan como colectivo humano (homes e mulleres) que deben ser democráticamente considerados. Diante destes asuntos o corpo sexuado en masculino ou feminino nada garante, xa que ámbolos dous *xéneros* son construcións socio-culturais, non determinacións naturais -aínda que teñan un sustrato biolóxico innegable-. Isto explica a afirmación de que a presenza e participación feminina sexa necesaria pero non suficiente para a transformación das nosas sociedades noutras máis *xustas*. Constitúe, iso sí, un paso inexcusable no *proceso* democratizador da sociedade.

mulo para a non contratación das mulleres e, nalgúns casos, alonxa a éstas temporalmente da súa carreira profesional, co que perden “competitividade” con respecto ós seus compañeiros varóns. As mulleres son tamén despedidas preferentemente fronte ós homes e dependen en maior medida do “Estado do benestar” (Showstack Sassoon, 1996). O propio Parlamento Europeo reconece que “las mujeres siguen estando en una medida del 70 % de las remuneraciones masculinas, pese a sus frecuentemente altos niveles de formación y de responsabilidad, y que de esta forma, las mujeres representan una mayoría entre los que tienen unos ingresos inferiores al umbral de pobreza fijado por el Consejo de Europa”⁷. Os postos de traballo continúan estando divididos por sexos e iso contribúe a incrementa-las diferencias salariais entre homes e mulleres e, en xeral, á subordinación destas. Como di Carole Pateman, a diferenza salarial entre homes e mulleres constitúe un incentivo para que as mulleres continúen sendo esposas (1995: 193).

As tarefas domésticas e o coidado dos fillos e fillas pequenos seguen estando, maioritariamente, a cargo das mulleres (en parte debido á falta de infraestructuras para o coidado dos nenos e nenas), que dobran así a súa xornada laboral. Mentres os homes teñen máis tempo para seguir formándose nas súas respectivas carreiras profesionais. Cada vez é maior o número de mulleres soas que se fan cargo das súas respectivas familias, ben por separación ou divorcio do matrimonio anterior, ben por viuvez, ou por ser nais solteiras. Tamén é maior o número de mulleres maiores soas, debido á súa maior lonxevidade. Moitas mulleres continúan aínda dependendo economicamente dos homes, situación que se agrava nun momento como o actual de elevada taxa de paro, en especial feminino, e, con carácter xeral, de precarización do emprego -o que algúns denominan eufemisticamente “flexibilización do mercado laboral”-. O Parlamento Europeo constata o aumento do número de pais e nais que viven sós cos seus fillos e fillas, a inmensa maioría mulleres, e que unha gran parte destas familias, constituídas por mulleres que están soas cos seus fillos e fillas, viven en condicións de pobreza⁸.

Esta feminización da pobreza fai que, cada vez en maior medida, as mulleres dependan do “Estado providencia”. Estado en crise que cada vez ofrece menos asistencia pública, debido ó recorte ó recorte que tódolos Estados están levando a cabo nas súas políticas sociais. Non se pode esquecer tampouco neste punto a violencia sexual reiteradamente exercida sobre as mulleres -no ámbito doméstico, laboral, nos medios de comunicación de masas, nos hospitais, etc.-, nin a supervivencia de moitas delas mediante o exercicio da prostitución (Parlamento Europeo, 1996). Neste contexto o exercicio real da cidadanía e os dereitos humanos vese seriamente dificultado para as mulleres -aproximadamente a metade da humanidade-.

A igualdade entre homes e mulleres non é real. As propias institucións comunitarias e nacionais recoñéceno ó crear organismos que teñen como obxecto a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Parlamento Europeo, 1995).

3. Ante semellante panorama ¿que facer? O primeiro que fixo o movemento feminista moderno foi reivindicar que “o persoal é político”, tratar de “politizar” a esfera doméstica e, desta forma, democratizala. É tamén o proceso inverso: tratar de “domestica-la” esfera pública co obxecto de crear unha sociedade máis xusta, onde o doméstico deixe de estar oculto e se faga público. Como apunta Anna Jónasdóttir, o reto hoxe plantéxasenos nas sociedades formalmente libres e iguais, aínda que a súa conclusión é, quizais, excesivamente idealista: “mi respuesta a la pregunta “qué se hace con

⁷ Resolución do Parlamento Europeo de 24 de febreiro de 1994 sobre a pobreza das mulleres en Europa. DO nº C 77, p.44.

⁸ Resolución do Parlamento Europeo de 8 de xullo de 1996 sobre as familias monoparentais. DO nº C 227, p. 33.

nosotras” como mujeres en la sociedad occidental, libre e igualitaria, aunque aún patriarcal, es que los hombres explotan cierto recurso de poder en las mujeres, a saber, el poder del amor” (1993: 301).

A categoría de cidadanía xurde sobre a base dunha igualdade e unha liberdade formal, facendo abstracción das desigualdades materiais. Ademais, esta concepción moderna da cidadanía concretouse no recoñecemento de *dereitos iguais*. Estes dous aspectos son precisamente os que hoxe se critican. Por un lado, está a reivindicación da diferenza sexual (por unha parte dos colectivos feministas) e, por outro, apúntase a insuficiencia do concepto de cidadanía integrado por dereitos xerais e abstractos (Santos, 1995: 207). A experiencia histórica mostra que, unha vez conseguidos os dereitos de cidadanía que o Estado se ve obrigado a garantir, os individuos desmovilízanse e acaban convertíndose en “cidadáns-servos”, “suxeitos dos *dereitos sen poder*” (Capella, 1993: 152).

Actualmente unha parte dos colectivos feministas reivindican a diferenza sexual e tratan de demostra-la insuficiencia do concepto de cidadanía construído sobre a ocultación desta e doutras diferenzas en beneficio, en concreto, dun suxeito supostamente “universal e neutro” que, en realidade, é masculino. Sobre esta base edificouse o moderno concepto de cidadanía e o suxeito de dereito. Desta forma, as feministas reclaman, primeiro, ser tidas en conta como tales [“nos obligan a reivindicar a evidencia de un feito natural” (Lonzi, 1981: 10)] e, despois, que esa diferenza sexual teña unha tradución política que dé satisfacción á súa identidade como mulleres. Hai que loitar para que a tradución “cultural” da *diferencia sexual natural* non se materialice en discriminacións xurídicas, políticas, económicas... para as mulleres. Por iso é necesaria a construción, como indica A. Cavarero, dun suxeito de dereito feminino, para que a súa diferenza sexual non conleve a súa discriminación en favor dun suxeito masculino, pretendidamente neutro e universal, que constitúe o modelo do dereito moderno (1990).

O pensamento da diferenza sexual supón nega-la “neutralidade” do suxeito que pensa, fala e actúa. “El pensamiento de la diferencia sexual dice que ningún punto de vista es neutro, que ningún punto de vista garantiza una universalidad, dice que cada uno habla desde el propio sexo, que forma una unidad con la propia experiencia y condición. En resumen, que no es posible escapar del propio sexo ni siquiera con las mejores intenciones. Por tanto, siempre se habla como mujeres y como hombres, incluso aunque se pueda hacer lo contrario, lo que a menudo les sucede a las mujeres más que a los hombres” (Bocchetti, 1996: 113). A tradución desta filosofía no campo da cidadanía e os dereitos suporía o non recoñecemento de suxeito algún universal, senón a aceptación da parcialidade.

Luce Irigaray estendeu o pensamento da diferenza sexual ata os dereitos. Ela cuestiona unha lexislación válida para os dous sexos como elemento de base da cultura humana e aboga por un *Dereito feminino* (1990: 93-106).

En canto ás relacións entre a filosofía da diferenza sexual e a igualdade, como apuntan as mulleres da Librería de mulleres de Milán, “la política de la diferencia sexual no viene *después* de alcanzar la igualdad entre los sexos, sino que sustituye a la política de igualdad, demasiado abstracta y a veces contradictoria, para combatir cualquier forma de opresión sexista desde la libertad femenina conquistada y fundada sobre las relaciones sociales con otras mujeres” (1991: 191). Trátase de dar significado político á diferenza sexual, afirma-la propia parcialidade e transformar en fonte de saber as relacións entre mulleres. Trátase de diferenciar para dignificar, non para someter ós que son distintos a nós (mulleres) -o que sí sucedeu coas mulleres mentres foron mantidas nunha esfera separada e subordinada-.

No proceso de seguir loitando por conseguir unha sociedade máis xusta e democrática, a proposta de Iris Marion Young dunha *ciudadanía diferenciada* preséntase como axeitada, aínda que non exenta de problemas de articulación concreta (1996: 107). Esta autora, fuxindo do perigo de *homoxeneización* que conleva o ideal da cidadanía universal, aboga polo recoñecemento dun “ámbito público heteroxéneo” no que caiba a representación dos *grupos sociais oprimidos*. É consciente do temor que causa falar de “dereitos especiais” (en tanto que “específicos”) entre persoas que se mostran contrarias á opresión, debido ó uso “discriminatorio” que da diferenza se ten feito. Sen embargo, amósase partidaria de utiliza-lo “significado positivo da diferenza de grupo”, no sentido de “hacer del significado de la diferencia un terreno de lucha política, en lugar de permitir que se use la diferencia para justificar la exclusión y la subordinación” (1996: 124-125).

Consciente do risco de posible caída no “esencialismo” que case tódolos feminismos da diferenza conlevan, coido, sen embargo, que non se deben desprecia-las súas potencialidades emancipatorias para o colectivo feminino e que son éstas, de feito, as que deben ser explotadas. A senda non é doada, mais quizais pague a pena transitála na loita pola consecución dunha sociedade verdadeiramente autónoma, solidaria e xusta. Autónoma no sentido daquela que “sabe que es ella la que hace sus leyes, [y que] además es capaz de ponerlas explícitamente en cuestión” (Castoriadis, 1998: 160), pero tamén como equivalente a aquela sociedade na que as mulleres ostenten verdadeiramente o control sobre os seus propios corpos (Rich, 1996: 389).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- BLANCO, C. (1995), *O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo*, Vigo: Nígra.
- BOCCHETTI, A. (1996), *Lo que quiere una mujer*, Madrid: Cátedra.
- CAPELLA, J. R. (1993), *Los ciudadanos siervos*, Madrid: Trotta.
- CASTELLS, C. (Comp.) (1996), *Perspectivas feministas en teoría política*, Barcelona: Paidós.
- CASTORIADIS, C. (1998), *El ascenso de la insignificancia*, Madrid: Cátedra.
- CAVARERO, A. (1990), "Il modello democratico nell'orizzonte della differenza sessuale", *Democrazia e diritto*, 2: 221-241.
- COBO BEDIA, R. (1995), "La democracia moderna y la exclusión de las mujeres", *Mientras tanto*, 62: 107-119.
- COMMISSION EUROPÉENNE (1995), *Les femmes et les hommes dans l'Union Européenne*, Luxembourg: Office des publications officielles des Communautés Européennes.
- FERNÁNDEZ DURÁN, R. (1996), *Contra la Europa del capital y la globalización económica*, Madrid: Talasa.
- IRIGARAY, L. (1990), *Je, tu, nous. Pour une culture de la différence*, Paris: Grasset.
- JÓNASDÓTTIR, A. G. (1993), *El poder del amor. ¿Le importa el sexo a la democracia?*, Madrid: Cátedra.
- LIBRERÍA DE MUJERES DE MILÁN (1991), *No creas tener derechos. La generación de la libertad femenina en las ideas y vivencias de un grupo de mujeres*, Madrid: horas y HORAS.
- LONZI, C. (1981), *Escupamos sobre Hegel. La mujer clitorica y la mujer vaginal*, Barcelona: Anagrama.
- MOLLER OKIN, S. (1996), "Desigualdad de género y diferencias culturales", in Castells (Comp.): 185-206.
- MURARO, L. (1994), *El orden simbólico de la madre*, Madrid: horas y HORAS.
- PARLEMENT EUROPÉEN (1995), *Les familles monoparentales dans les états membres de l'Union Européenne*, Luxembourg: Parlement Européen.
- PARLAMENTO EUROPEO (1994), *Las mujeres y la pobreza en Europa*, Luxemburgo: Parlamento Europeo.
- PARLAMENTO EUROPEO (1995), *Organismos que se dedican a la promoción de la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres en los Estados miembros y las instituciones de la Unión Europea*, Luxemburgo: Parlamento Europeo.
- PARLAMENTO EUROPEO (1996), *¿Derechos humanos = derechos de la mujer?*, Luxemburgo: Parlamento Europeo.
- PATEMAN, C. (1995), *El contrato sexual*, Barcelona: Anthropos.
- UNIÓN INTERPARLAMENTARIA. GRUPO ESPAÑOL (1992a), *Distribución de los escaños entre los hombres y mujeres en los parlamentos nacionales. Datos estadísticos de 1945 al 30 de junio de 1991*, Madrid: Cortes Generales.

UNIÓN INTERPARLAMENTARIA. GRUPO ESPAÑOL (1992b), *Las mujeres y el poder político. Encuesta realizada en los 150 parlamentos nacionales existentes al 31 de octubre de 1991*, Madrid: Cortes Generales.

RICH, A. (1996), *Nacemos de mujer. La maternidad como experiencia e institución*. Madrid: Cátedra.

RIVERA GARRETAS, M.M. (1994), *Nombrar el mundo en femenino. Pensamiento de las mujeres y teoría feminista*, Barcelona: Icaria.

SANTOS, B. de S. (1995), *Pela mão de Alice. O social e o político na pós-modernidade*, Porto: Afrontamento.

SHOWSTACK SASSOON, A. (Ed.) (1996), *Las mujeres y el Estado. Los límites cambiantes de lo público y lo privado*, Madrid: Vindicación Feminista.

YOUNG, I. M. (1996), "Vida política y diferencia de grupo: una crítica del ideal de ciudadanía universal", in Castells (Comp.): 99-126.